

D^a. MARÍA JESÚS LORENZANA SOMOZA

CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

XUNTA DE GALICIA

Edificios Administrativos - San Caetano, s/n

15781 Santiago de Compostela

Asunto: Alegacións ao ACORDO do 12 de maio de 2023, da Xefatura Territorial de Ourense, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa e de construción, o proxecto de interese autonómico e o estudo de impacto ambiental do proxecto da LAT 220 kV ST Fial das Corzas-ST Treboada, sita nos concellos de San Xoán de Río, Chandrexa de Queixa, Montederramo, Maceda, Vilar de Barrio e Laza, na provincia de Ourense (expediente IN408A 2022/009), DOG Núm. 109, de 9 de xuño de 2023

Don/Dona _____ con DNI. Número _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio de _____, provincia _____, teléfono _____.

EXPÓN:

Á vista do ACORDO do 12 de maio de 2023, da Xefatura Territorial de Ourense, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa e de construción, o proxecto de interese autonómico e o estudo de impacto ambiental do proxecto da LAT 220 kV ST Fial das Corzas-ST Treboada, sita nos concellos de San Xoán de Río, Chandrexa de Queixa, Montederramo, Maceda, Vilar de Barrio e Laza, na provincia de Ourense (expediente IN408A 2022/009), DOG Núm. 109, de 9 de xuño de 2023, por medio do presente escrito presenta as seguintes **ALEGACIÓNS:**

PRIMEIRA. - DIVISIÓN ARTIFICIOSA OU FRAGMENTACIÓN DOS PROXECTOS EÓLICOS FIAL DAS CORZAS E TREBOADA AOS AFECTOS DA AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL ORDINARIA

Indica o anuncio do DOG polo que se somete a exposición pública o proxecto da LAT 220 kV ST Fial das Corzas-ST Treboada:

- Solicitante: Iberdrola Renovables Galicia, S.A. (NIF A32259541).
- Domicilio social: rúa Circunvalación, 17, 32350 A Rúa (Ourense).
- Denominación: LAT 220 kV ST Fial das Corzas-ST Treboada.
- Situación: concellos de San Xoán de Río, Chandrexa de Queixa, Montederramo, Maceda, Vilar de Barrio e Laza, na provincia de Ourense.
- Potencia que se vai evacuar: 49,5 MW
- Prazo de execución: 6 meses.
- Orzamento execución material: 3.845.825,54 €.
- Localización: (coordenadas UTM, fuso 29 ETRS89).

	X	Y	Z
Orixe liña (ST PE Fial das Corzas)	627.604,79	4.667.510,55	1.342
Fin liña (ST PE Treboada)	639.191,84	4.693.046,57	978

• Características técnicas recollidas no proxecto:

– Liña eléctrica aérea de 220 kV, en configuración de simple circuito, de 37.900 m de lonxitude en condutor tipo LA 380, sobre 86 apoios de celosía metálica, con orixe na subestación ST Fial das Corzas e fin na subestación ST Treboada.

O obxecto da información pública será a autorización administrativa previa e de construción, o proxecto de interese autonómico e o estudo de impacto ambiental das instalacións do proxecto da LAT 220 kV ST Fial das Corzas-ST Treboada.

SEGUNDA. - O ÁMBITO XEOGRÁFICO DE DESARROLLO DOS PROXECTOS EÓLICOS FIAL DAS CORZAS E TREBOADA É OBXECTO DUNHA EXCESIVA SATURACIÓN DE AEROXERADORES

NOMBRE DO PROXECTO		PROMOTOR	MUNICIPIO
1. PARQUE EÓLICO MEDA	18	Iberdrola Energías Renovables de Galicia (Eólicas del Sil, S.A. (por cambio de nome de IBERDROLA Diversificación, S.A.))	Xunqueira de Espadanedo; Montederramo; Parada de Sil
2. PARQUE EÓLICO AMPLIACIÓN DE MEDA	16	Eólicas del Sil, S.A.	Parada de Sil (Ourense)
3. PARQUE EÓLICO AMPLIACIÓN PENA DA CRUZ	15	Sistemas Energéticos Chandrexa, S.A. (Antes de Iberdrola Energías Renovables de Galicia, S.A.U. (Antes de Gamesa Energía, S.A.))	Chandrexa de Queixa; Montederramo
4. PARQUE EÓLICO AMPLIACIÓN SERRA DO BURGO		Iberdrola Energías Renovables de Galicia (Eólicas del Sil, S.A.)	Chandrexa de Queixa; Montederramo
5. PARQUE EÓLICO ALTO DO RODICIO	7	Iberdrola Energías Renovables de Galicia, S.A.U.	Xunqueira de Espadanedo; Montederramo
6. LIÑA DE MEDIA TENSIÓN AÉREA DE 20KV DE		Unión Fenosa Distribución, S.A.	Montederramo; Chandrexa de Queixa

ENLACE PAREDES-SAN FIZ			
7. PARQUE EÓLICO XESTEIRÓN	7	Greenalia Wind Power Xesteirón, S.L.U. (Antes de Greenalia Wind Power, S.L.U.)	Chandrexo de Queixa; Montederramo
8. PARQUE EÓLICO RODICIO	8	Greenalia Wind Power, S.L.U.	Maceda; Montederramo
9. PARQUE EÓLICO RODICIO II	2	Greenalia Wind Power, S.L.U.	Montederramo; Maceda
10. PARQUE EÓLICO FIAL DAS CORZAS	11	Iberdrola Renovables Galicia, S.A.	Vilar de Barrio; Laza
11. PARQUE EÓLICO REBORDECHAO	25	Desarrollos Renovables Iberia Beta, S.L.U.	Laza, Vilar de Barrio e Maceda (Ourense)
12. PARQUE EÓLICO AMPLIACIÓN DE SIL FASE II	6	Iberdrola Energías Renovables de Galicia, S.A.	Nogueira de Ramuín (Ourense)
13. APROVECHAMIENTO HIDROELÉCTRICO EN EL RÍO MAO		D. José Benito Trigas (Antes de D. Jorge Álvarez Pérez)	Parada de Sil; Teixeira, A
14. PARQUE EÓLICO DO SIL	36	Iberdrola Energías Renovables de Galicia (Eólicas del Sil, S.A. (por cambio de nome de IBERDROLA Diversificación, S.A.))	Nogueira de Ramuín; Parada de Sil; Esgos
15. LMT 20 KV C.H. RÍO GRANDE - SE P.E. SERRA DO BURGO		Hidroeléctrica del Río Grande, S.L.	Chandrexo de Queixa
16. LIÑA DE MEDIA TENSIÓN AÉREA DE 20KV DE ENLACE PAREDES-SAN FIZ		Unión Fenosa Distribución, S.A.	Montederramo; Chandrexo de Queixa
17. PARQUE EÓLICO TREBOADA	12	Wind Grower, S.L.	Ribas de Sil; Castro Caldelas; Chandrexo de Queixa; Pobra de Trives; San Xoán de Río
TOTAL PARQUES EÓLICOS: 13	TOTAL AEROXERADORES: 163		

TERCEIRA. - AFECCIÓN VISUAL E PAISAXÍSTICA SEVERA E PERMANENTE DURANTE A VIDA ÚTIL DAS ESTACIÓNS EÓLICAS FIAL DAS CORZAS E TREBOADA PARA A REDE NATURA. AFECCIÓN SEVERA Á NECESARIA COHERENCIA DESTA

- | | | |
|------------------------|-----------|---|
| 1. CÓDIGO | ES1130002 | MACIZO CENTRAL |
| 2. CÓDIGO | ES1130003 | BIDUEIRAL DE MONTEDERRAMO |
| 3. CÓDIGO | ES1120014 | CANÓN DO SIL |
| 4. CÓDIGO | ES1130005 | RÍO TÁMEGA |
| 5. CÓDIGO | ES0000436 | A LIMIA |
| 6. CÓDIGO | ES1120001 | ANCARES – COUREL |
| 7. RESERVA DA BIOSFERA | | Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel |

CUARTA. - AFECCIÓN SEVERA A ESPECIES CATALOGADAS COMO VULNERABLES E EN PERIGO DE EXTINCIÓN

Código de la especie A087
 Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
 Código de la Cuadrícula 10kmE288N228

Nombre de la especie Buteo buteo

Código de la especie A091
 Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
 Código de la Cuadrícula 10kmE288N228

NOMBRE DE LA ESPECIE AQUILA CHRYSAETOS EN PERIGO DE EXTINCIÓN

Código de la especie A103
 Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
 Código de la Cuadrícula 10kmE288N228

Nombre de la especie Falco peregrinus

Código de la especie A226
 Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
 Código de la Cuadrícula 10kmE288N228

Nombre de la especie Apus apus

Código de la especie A230
 Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
 Código de la Cuadrícula 10kmE288N228

Nombre de la especie Merops apiaster

Código de la especie A251
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE288N228
Nombre de la especie Hirundo rustica

Código de la especie A273
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE288N228
Nombre de la especie Phoenicurus ochruros

Código de la especie A361
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE288N228
Nombre de la especie Serinus serinus

Código de la especie A657
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE288N228
Nombre de la especie Fringilla coelebs all others

Código de la especie A738
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE288N228
Nombre de la especie Delichon urbicum

Código de la especie 1191
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE288N228
Nombre de la especie Alytes obstetricans

Código de la especie 1352
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE288N228
Nombre de la especie Canis lupus

Código de la especie 1194
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE288N228
Nombre de la especie Discoglossus galganoi

Código de la especie 6284
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE288N228
Nombre de la especie Epidalea calamita

Código de la especie 1259
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE288N228
Nombre de la especie Lacerta schreiberi

Código de la especie 5281
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE288N228
Nombre de la especie Luciobarbus bocagei

Código de la especie 1355
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE288N228
Nombre de la especie Lutra lutra

Código de la especie 1358
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE288N228

Nombre de la especie **Mustela putorius**

Código de la especie 1996

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE288N228

Nombre de la especie **Narcissus triandrus**

Código de la especie 6945

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE288N228

Nombre de la especie **Pelophylax perezi**

Código de la especie 5296

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE288N228

Nombre de la especie **Pseudochondrostoma duriense**

Código de la especie 1216

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE288N228

Nombre de la especie **Rana iberica**

Código de la especie 1304

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE288N228

Nombre de la especie **Rhinolophus ferrumequinum**

Código de la especie 1303

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE288N228

Nombre de la especie **Rhinolophus hipposideros**

Código de la especie 1849

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE288N228

Nombre de la especie **Ruscus aculeatus**

Código de la especie 1297

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE288N228

Nombre de la especie **Vipera seoanei**

Código de la especie 1301

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE288N228

Nombre de la especie **Galemys pyrenaicus**

Nombre de la especie **GALEMYS PYRENAICUS EN PERIGO DE EXTINCIÓN**

<https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/publicaciones/pbl-fauna-flora-estrategias-desman.aspX>

O desmán ibérico, *Galemys pyrenaicus*, é un mamífero de costumes semiacuáticas endémico da Península ibérica e cuxa distribución se restrinxe á súa metade setentrional, desde o Norte de Portugal e Sistema Central ata os Pireneos (nas súas dúas vertentes), atopándose actualmente en sete áreas relictas illadas.

Por tratarse dun animal que se atopa en baixas densidades, que depende de augas de boa calidade e que presenta peculiares características biolóxicas, atopámonos ante un mamífero moi vulnerable, que se enfrenta a graves ameazas globais (como o cambio climático) e locais (como a contaminación, o uso inadecuado da auga e as barreiras físicas construídas polo home).

O Desmán ibérico está incluído no Catálogo Español de Especies Ameazadas na categoría “En Perigo de Extinción”, para as poboacións do Sistema Central, e na categoría “Vulnerable” para o resto das poboacións. A distribución da especie diminuíu notablemente nas últimas décadas. Por iso, o Grupo de Traballo do Desmán Ibérico, dependente do Comité de Flora e Fauna Silvestres elaborou a Estratexia de Conservación, que foi aprobada durante 2013 pola Comisión Estatal e pola Conferencia Sectorial de Medio Ambiente.

En relación á águia real a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia dispón no enlace seguinte da información que se indica a continuación:

https://cmatv.xunta.gal/seccion-organizacion/c/CMAOT_DX_Conservacion_Natureza?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Biodiversidade/seccion.html&sub=Informacion_especies/&ui=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Dinamico/Especies/Ameazadas/Fauna_perigo_extincion/especie_0006.html

Aguia real (*Aquila chrysaetos*)

As principais ameazas de conservación son a persecución directa (disparo, cebos envelenados, espolio de niños, etc.), as molestias e a perda de hábitat favorable. Porén, non se deben esquecer os posibles efectos da mortalidade en liñas eléctricas e parques eólicos.

Categoría de conservación

EN PERIGO DE EXTINCIÓN.

O proxecto eólico Fial das Corzas e as súas infraestruturas asociadas de evacuación afectan a especies protexidas, incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA), como vulnerables (V) ou en perigo de extinción (PE):

Flora:

1. *Erygium duriaei* (PE)
2. *Leontodon farinosus* (V)

Avifauna

1. Aguia real (*Aquila chrysaetos*) (PE)
2. Tartaraña cincenta (*Circus pygargus*) (V)
3. Gatafornela (*Circus cynaeus*) (V)
4. Aguaneiro (*Galemys pirenaicus*) (V)
5. *Miniopterus schreibersii* (V)
6. Sapoconcho (*Emys orbicularis*) (PE)
7. Ra patilarga (*Rana iberica*) (V)
8. *Discoglossus galganoi* (V)
9. *Rhinolophus ferrumequinum* (V)
10. *Rhinolophus hipposideros* (V)

Non se xustifica a necesidade de instalar infraestruturas eólicas nunha área xeográfica tan sensible e con especies en perigo de extinción.

Segundo a normativa vixente, isto é, a Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, no seu Artigo 91. Catálogo galego de especies ameazadas, establece literalmente:

1. No seo da Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia inclúese o Catálogo galego de especies ameazadas, que se configura como unha sección da devandito listaxe. O contido deste catálogo desenvolverase regulamentariamente.

2. O Catálogo galego de especies ameazadas incluírá, cando exista información técnica ou científica que así o aconselle, as especies, subespecies ou poboacións de competencia autonómica conforme ao previsto no artigo 4 que, achándose ameazadas, requiran medidas de protección específicas. Estas especies ameazadas clasificaranse nalgunha das categorías seguintes:

a) En perigo de extinción.

Inclúiranse nesta categoría aqueles taxones ou poboacións cuxa supervivencia é pouco probable se persisten os factores causantes da súa actual situación.

Dentro desta categoría procede declarar unha especie en situación crítica cando do seguimento ou avaliación do seu estado de conservación resultase que existe un risco inminente de extinción.

b) Vulnerable.

Incluíranse nesta categoría aqueles taxones ou poboacións que corren o risco de pasar á categoría anterior nun futuro inmediato se os factores adversos que actúan sobre eles non son corrixidos.

3. A inclusión dunha especie, subespecie ou poboación de competencia autonómica, conforme ao previsto no artigo 4, no Catálogo español de especies ameazadas ao que se refire o artigo 58 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, conlevará a súa inclusión de oficio no Catálogo galego de especies ameazadas, na mesma categoría ou na categoría superior á que tivesen no primeiro.

4. Decláranse de utilidade pública e interese social, para os efectos do previsto na lexislación sobre expropiación forzosa, as obras necesarias para a conservación das especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, especialmente as que teñan carácter de emerxencia e urxencia, segundo os casos.

Artigo 95. Efectos da inclusión no Catálogo galego de especies ameazadas.

1. Ademais dos efectos previstos no artigo 93, a inclusión dunha especie, subespecie ou poboación no Catálogo galego de especies ameazadas terá os efectos seguintes:

a) A inclusión dunha especie, subespecie ou poboación na categoría de «en perigo de extinción» conlevará, nun prazo máximo de tres anos, a adopción dun plan de recuperación, **o cal incluírá as medidas máis adecuadas para restablecer as poboacións naturais a un estado que limite o seu risco de extinción.**

b) A inclusión dunha especie, subespecie ou poboación na categoría de «vulnerable» conlevará a adopción, nun prazo máximo de cinco anos, dun plan de conservación, **o cal incluírá as medidas máis adecuadas para preservar, manter e restablecer as poboacións naturais facéndoas viables.**

2. Os plans de recuperación e conservación fixarán medidas de conservación e instrumentos de xestión, específicos ou integrados noutros plans, que eviten as afeccións negativas para as especies.

3. Para aquelas especies, subespecies ou poboacións que comparten os mesmos problemas de conservación, hábitats ou ámbitos xeográficos similares poderán elaborarse plans que comprendan varias especies, subespecies ou poboacións simultaneamente, denominándose en leste caso plans integrais.

4. Os plans de recuperación ou conservación ou os plans integrais das especies, subespecies ou poboacións que vivan exclusivamente ou en alta proporción nalgún dos espazos naturais protexidos incluídos na Rede galega de espazos protexidos ou en áreas protexidas por instrumentos internacionais poderán integrarse nos seus correspondentes instrumentos de planificación.

5. A realización ou execución de calquera plan, programa ou proxecto que poida afectar de forma apreciable a especies incluídas nos anexos II ou IV da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, que fosen catalogadas, no ámbito estatal ou autonómico, como en perigo de extinción unicamente poderase levar a cabo cando, en ausencia doutras alternativas, concorran causas relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública, as relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para o medio ambiente ou outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde. A xustificación do plan, programa ou proxecto e a adopción das correspondentes medidas compensatorias levará a cabo conforme ao previsto no artigo 84.3, salvo polo que se refire á remisión das medidas compensatorias á Comisión Europea.

QUINTA.- O CARÁCTER SENSIBLE MEDIOAMBIENTALMENTE DA ÁREA XEOGRÁFICA DE EXECUCIÓN DO PROXECTO EÓLICO FIAL DAS CORZAS E A SÚA LIÑA ELÉCTRICA DE EVACUACIÓN ASOCIADA

Resulta acreditado no procedemento a presenza de diversos cauces fluviais e húmidas na área de execución do proxecto eólico e as súas infraestruturas asociadas, que tamén son comúns a outros parque eólicos con implantación prevista no mesmo ámbito xeográfico.

A DIRECTIVA 2014/52/UE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO do 16 de abril de 2014 pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente indica respecto á localización dos proxectos:

“Debe considerarse o carácter sensible medioambientalmente das áreas xeográficas que poidan verse afectadas polos proxectos, tendo en conta, en particular:

a) o uso presente e aprobado da terra;

b) a abundancia relativa, a dispoñibilidade, a calidade e a capacidade de rexeneración dos recursos naturais da zona e o seu subsolo (incluídos o chan, a terra, a auga e a biodiversidade);

c) a capacidade de absorción do medio natural, con especial atención ás áreas seguintes:

i) humidaís, zonas ribeiregas, desembocaduras de ríos,

ii) zonas costeiras e medio mariño,

iii) zonas de montaña e de bosque,

iv) reservas naturais e parques,

v) zonas clasificadas ou protexidas pola lexislación nacional; zonas Natura 2000 designadas polos Estados membros en aplicación das Directivas 92/43/CEE e 2009/147/CE,

vi) áreas nas que xa se produciu un incumprimento das normas de calidade ambiental establecidas na lexislación da Unión e pertinentes para o proxecto, ou nas que se considere que se produciu tal incumprimento,

vii) áreas de gran densidade demográfica,

viii) paisaxes e lugares con significación histórica, cultural e/ou arqueolóxica”.

Considérase que un proxecto ten incidencia nunha zona ambientalmente sensible cando se dá algunha das seguintes condicións:

Que poida afectar os espazos pertencentes á Rede Natura 2000, sen ter relación directa coa xestión ou conservación do lugar ou sen ser necesario para a mesma.

No presente caso non se está a ter en conta a sensibilidade ambiental do territorio xeográfico no que se prevé a execución do proxecto eólico e as súas infraestruturas asociadas de evacuación e conexión nin se determina o grao de sensibilidade e de resiliencia do territorio para acoller o proxecto, tendo en conta a presenza xa doutros parques na contorna e a importancia dos recursos hídricos e humidaís afectados.

En virtude do anterior,

SOLICITA.-

O rexeitamento do proxecto da LAT 220 kV ST Fial das Corzas-ST Treboada, sita nos concellos de San Xoán de Río, Chandrea de Queixa, Montederramo, Maceda, Vilar de Barrio e Laza, na provincia de Ourense (expediente IN408A 2022/009), DOG Núm. 109, de 9 de xuño de 2023.

A fragmentación artificial dos proxectos eólicos impide levar a cabo unha correcta avaliación ambiental que teña en conta os efectos sinérgicos e acumulativos do conxunto.

A fragmentación dun parque eólico é unha práctica fraudulenta cando se presenta un Estudo de Impacto Ambiental individual de cada un dos proxectos fragmentados, evitando unha avaliación global de todo o proxecto e das garantías esixibles.

A Avaliación de Impacto Ambiental de Proxectos é unha técnica que non admite sucedáneos ou substitutos e que, por tanto, debe esixirse de forma íntegra, a fin de non frustrar a súa funcionalidade.

Cómpre ter en conta que:

1. Os proxectos industriais eólicos Fial das Corzas, Neboada, Treboada, Xeada e Orballeira comparten infraestruturas comúns de evacuación e conexión. Comparten área xeográfica.
2. As poligonais dos proxectos industriais eólicos Xeada, Orballeira e Neboada solápanse entre sí.
3. As poligonais dos proxectos eólicos Treboada e Ventumelo tamén se solapan.
4. Os proxectos industriais eólicos Xesteirón, Rodicio e Rodicio II comparten infraestruturas de evacuación e conexión e área xeográfica cos anteriores.
5. A LAT do proxecto industrial eólico Fial das Corzas, que se tramita como un proxecto independente incluso aos efectos do procedemento de avaliación ambiental ordinaria, ten o seu destino na Subestación do proxecto industrial eólico Treboada, compartindo conexión con este.
6. Á Subestación colectora Treboada está previsto que chegue a enerxía de 9 parques eólicos e estará a súa vez conectada co nó de Trives 220 kV.
7. O proxecto industrial eólico Ventumelo tamén conectará coa Subestación colectora Treboada.
8. As poligonais dos proxectos eólicos Rodicio, Rodicio II e Rebordechao solápanse.
9. A poligonal do proxecto eólico Fial das Corzas solápanse coa do proxecto industrial eólico Rebordechao, de tramitación estatal.
10. Os proxectos industriais eólicos mencionados tramítanse como proxectos independentes, incluso aos efectos do procedemento da avaliación ambiental ordinaria. Este proceder dilue os impactos do conxunto das infraestruturas eólicas.

2.- A elevada saturación de aeroxeradores na zona crea unha barreira crítica para as aves e a biodiversidade, fragmenta os hábitats e xera un importante Feísmo paisaxístico que debera terse en conta polo órgano substantivo. Esta barreira crítica de aeroxeradores obriga ás aves a realizar grandes cambios de roteiros, co consecuente gasto enerxético que iso supón. O aumento de densidade de aeroxeradores xerará un efecto sinérxico, principalmente de tipo baleiro e/ou barreira sobre a avifauna, incompatible coas necesidades destas poboacións. Por outra anda a paisaxe preséntase fragmentada con un elevado grao de aeroxeradores susceptibles de producir feísmo paisaxístico.

Tal e como se indica no texto da Declaración de impacto ambiental do proxecto eólico Fial das Corzas, esta só se xustifica aos efectos de que o promotor conte con este documento ambiental antes do 24 de xaneiro de 2023.

“2.1. Resumo da tramitación

A presente resolución transcribíse tendo como base o documento preliminar e a documentación aportada o 14/11/2022 e para o cumprimento do PNIEC o proxecto foi admitido a trámite para o que conta co fito de dispoñer desta resolución antes do 24 de xaneiro do 2023, establecido no RDL 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia e enerxía e noutros ámbitos para á reactivación económica, modificado polo Real Decreto-ley 29/2021, do 21 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito enerxético para o fomento da mobilidade eléctrica, o autoconsumo e o despregue de enerxías renovables”.

Indícase tamén na Declaración de impacto ambiental do proxecto eólico Fial das Corzas que:

O parque contará coa infraestrutura necesaria para produción de enerxía eléctrica renovable para o cumprimento dos obxectivos do PNIEC no 2022, no que foi admitido a trámite.

Sen embargo, o proxecto non cumpre cos obxectivos do PNIC en tanto que, tal e como se demostra na parte expositiva deste escrito, as infraestruturas localízanse en zonas de máxima sensibilidade ambiental.

O proxecto eólico Fial das Corzas afecta a zonas de máxima sensibilidade ambiental tal e como se demostra na parte expositiva deste escrito, polo que deberan ser rexeitados, xa que segundo a zonificación ambiental do Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico sitúase nunha zona non recomendada para a

instalación de plantas eólicas. Polo tanto, solicítase a nulidade radical de todo o actuado no procedemento do proxecto eólico Fial das Corzas e da súa liña eléctrica de evacuación.

Ademais da existencia de especies catalogadas como vulnerables e en perigo de extinción descritas no corpo deste escrito, existe un risco severo para a necesaria coherencia da Rede Natura 2000 e a afección a un elevado número de AEIP, LEIP e miradores. O elevado número de infraestruturas eólicas desvirtúa a funcionalidade das áreas de especial interés paisaxístico e afecta de forma irreversible á conectividade ecolóxica. Ademais afecta de forma severa a afloramentos rochosos sen caracterizar.

A evacuación da enerxía producida no parque efectuarase a través dunha liña que será obxecto doutro expediente, polo que se subtrae da participación pública a avaliación dos impactos ambientais do conxunto das instalacións.

O artigo 21 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico, establece que formarán parte da instalación de produción as súas infraestruturas de evacuación, que inclúen a conexión coa rede de transporte ou de distribución, e no seu caso, a transformación de enerxía eléctrica.

Artigo 21. Actividades de produción de enerxía eléctrica.

“5. Formarán parte da instalación de produción as súas infraestruturas de evacuación, que inclúen a conexión coa rede de transporte ou de distribución, e no seu caso, a transformación de enerxía eléctrica”.

As liñas de evacuación dos parques e as súas infraestruturas asociadas como as subestacións son intrínsecas aos proxectos, por tanto, deberían analizarse en todo o procedemento de avaliación ambiental. Estas infraestruturas resultan imprescindibles para a viabilidade e desenvolvemento dos parques eólicos debido ao cal se deben analizar pormenorizadamente os efectos e impactos de todas as liñas de evacuación.

Cómpre lembrar ao respecto dá división artificial de proxectos a STSX GAL 5691/2020 - ECLI: ES:TSJGAL:2020:5691 de data 09/11/2020:

“TERCERO.- Que, como pone de relieve la parte recurrente, nos encontramos ante la división artificial de un único Parque Eólico en dos fases; la fase II carece de los elementos y equipamientos necesarios para ser considerada una instalación independiente de la fase I, entendiendo el T.S. (s. 20-4-2006, RC 5814/2003) que la figura del Parque Eólico debe ser necesariamente contemplada desde una perspectiva unitaria, pues en otro caso quedaría desvirtuada la naturaleza y la función de este tipo de instalaciones, por lo que les es consustancial que los generadores en ellos agrupados hayan necesariamente de compartir, además de las líneas propias de unión entre sí, unos mismos accesos, un mismo sistema de control y unas infraestructuras comunes (normalmente, el edificio necesario para su gestión y la subestación transformadora) y que la energía resultante ha de inyectarse mediante una sóla liña de conexión del parque, sin que sea posible descomponer, a efectos jurídicos, un parque proyectado para diseccionar de él varios aerogeneradores a los que se daría un tratamiento autónomo;...”.

A inclusión dos efectos e impactos do proxecto das instalacións de evacuación de enerxía e de conexión incrementarían considerablemente a magnitude dos impactos detectados no EsIA do proxecto eólico Fial das Corzas, facendo necesario valorar outras alternativas ou implementar novas medidas correctoras.

Ademais, as infraestruturas do proxecto industrial eólico Fial das Corzas afectan a hábitats prioritarios e de interés comunitario, producindo afeccións severas e irreversibles para estes.

As infraestruturas prevense instalar nun área xeográfica con unha presión eólica excesiva. A contaminación lumínica do conxunto prevese severa para áreas de alto valor ambiental como a Rede Natura 2000 “Ancares - Courel” e “Macizo Central”.

A SENTENCIA: 00311/2020, de 11 de decembro de 2020 do TSXG (PROCEDEMENTO ORDINARIO nº 0007342 /2019) indica ao efecto:

“O impulso da enerxía eólica debe planificarse evitando toda posíbel interferencia para a ampliación da Rede Natura, salvando o impacto visual dos parques eólicos nas proximidades do Lugar de Importancia Comunitaria (LIC), sen que

poidan situarse os parques eólicos e logo pretender ampliar a Rede Natura cando as especies a protexer non entenden de planeamentos ou fronteiras, polo que as zonas ecoloxicamente relevantes deben obter unha protección íntegra, sen que poda haber espazos protexidos rodeados de muiños".

3.- As Directrices Enerxéticas 2018-2020 de Galicia expoñen para a enerxía eólica unha potencia instalada en 2030 de 4.122 MW, sendo a finais de 2019 a potencia instalada de 3.986 MW. En setembro de 2022 esta potencia está amplamente superada, polo que o proxecto só se xustifica desde un punto de vista especulativo.

Galicia supera en 2020 os obxetivos marcados en renovables pola UE para 2030 cunha porcentaxe sobre o consumo final bruto do 46% Renovables que xa representaron o 107% da demanda eléctrica.

Chandrea de Queixa, 24 de xuño de 2023

Asdo.- _____